

Orde do 19 de abril de 2005 pola que se anuncia a concesión de axudas económicas, en réxime de concorrencia competitiva, a empresas xornalísticas e de radiodifusión.

En cumprimento do disposto no Decreto 96/2004, do 13 de maio, polo que se modifica o Decreto 71/1999, do 18 de marzo, polo que se regulan as axudas a empresas xornalísticas e de radiodifusión e, en uso das facultades que teño conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Establécense axudas económicas ás empresas xornalísticas radicadas en Galicia e debidamente inscritas no Rexistro Mercantil ou no que corresponda segundo a forma empresarial que adopten.

Para os efectos desta orde entenderase:

a) Por empresas xornalísticas, as que teñan por obxecto da súa actividade, entre outras, a edición e distribución de periódicos diarios co mesmo título e numeración sucesiva, as empresas radiofónicas privadas e aquelas que transmitan a súa actividade informativa diaria a través da internet, vía satélite ou por calquera outro sistema que empregue soportes das novas tecnoloxías da comunicación.

b) Por empresas radicadas en Galicia aquelas que contén cun cadro de persoal estable de polo menos cinco traballadores e que elaboren e difundan toda ou parte da súa produción informativa de forma específica no territorio da comunidade autónoma.

Artigo 2º

Poderán solicitar as axudas obxecto desta orde as empresas que publiquen, ou difundan, informacións, programas, artigos, reportaxes, colaboracións ou seccións orientadas a alentar a defensa da identidade de Galicia, a promoción dos seus valores, a normalización da lingua e a difusión da súa cultura. Na súa produción informativa deberá ter un especial protagonismo o idioma galego.

Artigo 3º

Quedan excluídos da concesión de axudas:

- a) Os boletíns interiores de institucións.
- b) As publicacións de partidos políticos, asociacións relixiosas ou entidades públicas.
- c) As de distribución gratuíta.
- d) As empresas que emitan a través de sinal de televisión.

Artigo 4º

A contía global das axudas non poderá exceder novecentos un mil cincocentos dezaioito (901.518) euros, e serán concedidas con cargo á aplicación orzamentaria 04.04.353E.470.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005.

Cada subvención individualizada non superará o 50% do importe total do orzamento das axudas.

Artigo 5º

As solicitudes, axustadas ao modelo oficial que se publica como anexo desta orde, dirixiranse ao secretario xeral para as Relacións cos Medios Informativos e deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

A) Empresas xornalísticas:

1. Memoria na que se faga constar os números publicados dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2004, número de traballos ou artigos escritos en lingua galega durante o mesmo período e porcentaxe de publicacións, informacións ou emisións encamiñadas á normalización da lingua galega e difusión da identidade e cultura de Galicia.

2. Testemuño auténtico da escritura de poder cando o solicitante obre en representación da persoa física ou xurídica titular do medio.

3. Certificación da inscrición no Rexistro Mercantil, ou no do órgano correspondente.

4. Copia do documento nacional de identidade do solicitante ou representante.

5. Copia do pagamento do imposto sobre actividades económicas (IAE).

6. Certificación de estar ao día nos pagamentos das obrigas tributarias e á Seguridade Social.

7. Certificación de non ter contraída ningunha débeda coa comunidade autónoma.

8. Copia autenticada do TC-2 onde se acredite que a empresa teña un cadro de persoal de polo menos 5 traballadores desde o 1 de xaneiro o 31 de decembro de 2004.

9. Declaración do número de exemplares difundidos da publicación de que se trate durante o período do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2004, acompañada da documentación que o acredite. No caso de empresas que emitan a través da internet, presentarán declaración do número de visitas ou consultas efectuadas no período citado anteriormente. Incidirá especialmente na valoración a certificación expedida pola Oficina da Xustificación da Difusión (OXD), coa difusión no período do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2004.

10. Declaración xurada do representante da empresa responsabilizándose de que continuará realizando as publicacións en galego ata o 31 de decembro de 2005 no caso de ser beneficiaria da axuda.

11. Os peticionarios das axudas presentarán, coa solicitude inicial, unha declaración de conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas, para un mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes.

B) Empresas de radiodifusión:

1. Memoria na que se faga constar a programación, especificando qué parte dela se realiza en lingua galega. Este último extremo acreditarase mediante declaración xurada.

2. A que se establece nos números 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8 e 11 do punto A deste artigo.

3. Informe do estudo xeral de medios relativo á audiencia acumulada da emisora solicitante durante o período do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2004.

4. Declaración xurada do representante da empresa responsabilizándose de que continuará realizando as emisións en galego ata o 31 de decembro de 2005 no caso de ser beneficiaria da axuda.

Artigo 6º

As solicitudes poderán presentarse no rexistro xeral da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, sito no edificio administrativo de San Caetano, Santiago de Compostela, directamente ou a través dos procedementos establecidos nos artigos 38.4º e 38.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo de presentación de solicitudes será de 40 días naturais a partir do día seguinte á publicación desta orde.

Artigo 7º

As solicitudes presentadas serán tramitadas polo servizo competente da Secretaría Xeral para as Relacións cos Medios Informativos. As ditas solicitudes serán avaliadas por unha comisión integrada polos seguintes membros:

Presidente: o secretario xeral para as Relacións cos Medios Informativos.

Vogais:

-O director xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, ou persoa en quen delegue.

-Un funcionario da Secretaría Xeral para as Relacións cos Medios Informativos con categoría non inferior á de xefe de servizo.

-O responsable do Gabinete de Comunicación.

Secretario: un funcionario da Secretaría Xeral para as Relacións cos Medios Informativos.

Artigo 8º

A valoración das solicitudes presentadas basearase nos seguintes criterios:

- a) Uso da lingua galega.
- b) Tiraxe de exemplares.
- c) Número de lectores ou oíntes.
- d) Número de visitas ou consultas.
- e) Porcentaxe de publicacións, informacións ou emisións encamiñadas á normalización da lingua galega e difusión da identidade e cultura de Galicia.

Artigo 9º

A comisión poderá solicitar todos os informes que considere necesarios elevando proposta ao conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, para que adopte a resolución que proceda. Contra a dita resolución poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición nos prazos estipulados no artigo 117 da Lei 30/1992, citada anteriormente no artigo 6º desta orde, ou acu-

dir directamente a xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses desde a súa notificación perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Artigo 10º

A concesión ou denegación desta liña de subvencións axustarase aos artigos 42 e 44 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No prazo de seis meses desde a data de publicación desta convocatoria, ditarase resolución expresa, e notificarase a cada unha das empresas ou entidades solicitantes, de non producirse a notificación no referido prazo e de conformidade co artigo 44.1º da citada lei, os interesados poderán entender desestimadas as súas pretensións por silencio administrativo.

Artigo 11º

Con independencia da súa contía, e antes de proceder ao seu aboamento, os beneficiarios da subvención deberán aceptala expresamente e terán que acreditar que se atopan ao corrente das súas obrigas tributarias e sociais, e que non teñen pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma.

Así mesmo, no momento da xustificación da execución total do proxecto e en calquera caso antes de efectuar o pagamento da axuda o petionario presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para un mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

O pagamento farase efectivo na súa totalidade unha vez adoptada a resolución a que se refire o artigo anterior.

Artigo 12º

A vixencia desta orde estenderase ata o 31 de decembro de 2005.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Nos aspectos non contidos nesta orde, aplicarase o Decreto 71/1999, do 18 de marzo, modificado polo Decreto 96/2004, do 13 de maio, e os artigos 78 e 79 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e Decreto 287/2000, do 21 de novembro, que o desenvolve, así como o artigo 41 da Lei 13/2004, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005.

Segunda.-Facúltase o secretario xeral para as Relacións cos Medios Informativos para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2005.

Jaime Pita Varela
Conselleiro da Presidencia, Relacións
Institucionais e Administración Pública

**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA,
RELACIÓNS INSTITUCIONAIS
E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
Secretaría Xeral para as Relacións
cos Medios Informativos

PROCEDEMENTO AXUDAS ECONÓMICAS A EMPRESAS XORNALÍSTICAS E DE RADIODIFUSIÓN	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PR902A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

DON / DONA / EMPRESA		NIF
ACTUANDO EN: <input type="checkbox"/> NOME PROPIO <input type="checkbox"/> REPRESENTACIÓN DE _____		
ENDEREZO		LOCALIDADE
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

EXPÓN:

1.- Que ten coñecemento da convocatoria de axudas efectuadas pola Orde do ____ de marzo de 2005, en desenvolvemento do Decreto 96/2004, do 13 de maio, da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública.

2.- Que, de conformidade co contido das citadas ordes, xunta a documentación requirida para:

- Empresa xornalística
- Empresa de radiodifusión

(sinálese cun X o que proceda)

SOLICITA:

A concesión dunha axuda ao abeiro da Orde do _____, da Secretaría Xeral para as Relacións cos Medios Informativos.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 19 de abril de 2005 pola que se anuncia a concesión de axudas económicas, en réxime de concorrencia competitiva, a empresas xornalísticas e de radiodifusión.

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

, de de 200

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

/ /

DATA DE EFECTOS

/ /

DATA DE SAÍDA

/ /

CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

Orde do 19 de abril de 2005 pola que se aproba a convocatoria, de ámbito autonómico, para a concesión de subvencións públicas mediante contratos programa para a formación de traballadores ocupados, en aplicación da Orde TAS/2783/2004, do 30 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión das citadas subvencións, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo correspondentes ao exercicio de 2005.

A Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, establece que a aprendizaxe permanente é un elemento esencial na sociedade do coñecemento. Inclúe esta lei dentro do ámbito da formación profesional, entre outras ensinanzas, as orientadas á formación continua nas empresas, que permitan a adquisición e actualización permanente das competencias profesionais.

A formación profesional continua, regulada no Real decreto 1046/2003, do 1 de agosto, ten como finalidade proporcionarlles aos traballadores ocupados a cualificación que poidan necesitar ao longo da súa vida laboral, co fin de que obteñan os coñecementos e prácticas axeitados aos requirimentos que en cada momento precisen as empresas, e permita compatibilizar a súa maior concorrencia coa mellora da capacitación profesional e promoción individual do traballador.

Este subsistema da formación profesional constitúe un valor estratéxico prioritario nos procesos de cambio tecnolóxico, económico e social e é, por este motivo, un instrumento esencial para a estabilidade no emprego e a cohesión social.

Entre as iniciativas de formación profesional continua que recolle o citado real decreto, figuran os contratos programa para a formación de traballadores. Os plans de formación continua, obxecto de financiamento mediante a subscripción destes contratos programa, teñen por obxecto tanto a mellora das competencias e cualificacións como a actualización e especialización profesional dos traballadores ocupados, sen que para isto sexa necesaria a intermediación das empresas nas que prestan os seus servizos.

Pola súa banda, a orde do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais do 30 de xullo de 2004 establece as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas mediante a subscripción de contratos programa para a formación de traballadores. En desenvolvemento da citada orde, á que se deberán axustar obrigatoriamente as ordes autonómicas de convocatoria de formación profesional continua, son obxecto de subvención nesta convocatoria distintos tipos de contratos programas para a execución de plans de formación continua intersectoriais, plans de formación sectoriais, plans de formación específicos da economía social e plans de formación dirixidos a traballadores autónomos.

O Regulamento (CE) nº 1784/1999, do 12 de xullo, do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Social Europeo, polo que se aproban as disposicións de aplicación relativas ao Fondo Social Europeo, sinala que o Fondo apoiará e complementará as actividades dos estados membros destinadas ao desenvolvemento do mercado de traballo e dos recursos humanos, entre outras, nas políticas de fomento e mellora da formación profesional e da formación en xeral.

Consecuentemente co anterior, as accións formativas incluídas nestes plans son obxecto de cofinanciamento polo FSE, de acordo coas decisións da Comisión Europea C(2001)24, do 16 de xaneiro de 2001 e C(2001)100, do 23 de xaneiro de 2001, polas que se aproban os programas operativos de Iniciativa Empresarial e Formación Continua, correspondentes aos marcos comunitarios de apoio de España para as rexións de obxectivo 1, como é Galicia, durante o período 2000-2006.

O Plan Galego de Formación Profesional establece entre os seus obxectivos no ámbito da formación dirixida a traballadores ocupados a consecución da adecuada transparencia do mercado de traballo e o axuste entre a oferta e a demanda do factor traballo, mediante o efectivo acceso ás certificacións dos sistemas de cualificacións; proporcionarlles ás persoas unha maior motivación para o progreso na súa cualificación profesional; recoñecer de forma fiable, con carácter oficial e alcance sectorial, a competencia adquirida durante a vida laboral; verificar que a preparación conseguida por calquera vía e, en particular, mediante os programas formativos, acadade o nivel de competencia establecido nas cualificacións profesionais. Inclúe, así mesmo, un plan de incremento da cualificación da poboación ocupada así como de fomento da formación profesional continua.

O Acordo Galego de Formación Profesional Continua, asinado o 29 de marzo de 2004 entre a conselleira de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais e os axentes sociais máis representativos de Galicia, ten como un dos seus obxectivos principais a mellora da competencia profesional e a actualización dos coñecementos e capacidades dos traballadores e traballadoras, segundo as necesidades de evolución do seu emprego como consecuencia dos cambios tecnolóxicos e organizativos dos procesos de produción.

Polo Decreto 7/2005, do 13 de xaneiro, créase a Comisión Galega de Formación Profesional Continua, como órgano tripartito e paritario entre a Administración autonómica e os axentes sociais máis representativos de Galicia, co obxecto de poñer en funcionamento a formación profesional continua en Galicia dentro do novo ámbito competencial e de xestión.

O Decreto 287/2000, do 21 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, establece que a concesión de axudas e subvencións se axustará aos principios de publicidade, concorrencia e obxectividade, en aplicación do disposto no artigo 78 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de